

academia galega do audiovisual

presenta:

NOVOS
DIRECTORES

Foro
Academia
Aberta
2011

♀

masterclass:

Eduardo Chapero-Jackson

director de "Verbo"

21.12.11 16.00 a 20.00 h

Nacho Vigalondo

director de "Los Cronocrimenes" e "Extraterrestre"

22.12.11 16.00 a 20.00 h

♀

Auditorio da Biblioteca de Galicia
Cidade da Cultura
Santiago de Compostela

♀

+info e inscricións en:

www.academiagalegadoaudiovisual.com

Tamén podes seguirmos na páxina de Facebook da Academia

Eduardo Chapero-Jackson

director de "Verbo"

21.12.11 16.00 a 20.00 h



As facetas da dirección de cine

O cine é unha arte multidisciplinar que aglutina moitos campos de traballo e coñecemento: dramaturxia, interpretación, dirección de actores, posta en escena, gramática visual, fotografía e iluminación, arte, música, edición; e como materia primeira absoluta: a natureza humana, en tódalas súas vertentes, dende a psicolóxica á sociolóxica ou antropolóxica. Ademais existe un factor importante na súa creación que consiste

no saber traballar en equipo. O creador ten que ser consciente de como todos eses ingredientes compoñen unha obra cinematográfica. Durante a clase farase un achegamento a todos eles, utilizarase como exemplo algúns traballos concretos do director, que compartirá a súa propia experiencia e aprendizaxe, e tratará tódalas dúbidas, preguntas ou cuestións que os participantes queiran expor.

♀

Nacho Vigalondo

director de "Los Cronocrimenes" e "Extraterrestre"

22.12.11 16.00 a 20.00 h



Por que a cámara está aí, por que xamais estaría alá

Nacho Vigalondo, a través de exemplos propios e alleos, tentará desentrañar os motivos, mecanismos e debilidades detrás da composición dunha secuencia cinematográfica. O cineasta analizará escenas da súa última película e doutros filmes de directores

consagrados, estudando o porqué das decisións que hai detrás de cada plano. Canto hai de inconsciente? Canto hai de calculado? E con que intención?